

Disposición transitoria sexta. *Tributos do Estado cedidos ás comunidades autónomas e aplicación, no ano 2002, do disposto no artigo 7.3.*

1. En canto a cesión de tributos regulada no título II desta lei non sexa aplicable en tódalas comunidades autónomas e por aplicación das leis 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, e 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, o rendemento dun determinado tributo cedido ou a competencia para a súa xestión, liquidación, recadación e inspección corresponda a unha comunidade autónoma distinta daquela á que lle correspondería conforme o título II desta lei, prevalecerá o que resulte de aplica-las leis 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, e 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, en función da comunidade autónoma de que se trate.

2. As normas contidas no título II desta lei aplicaranse ós feitos impositivos que se devenguen a partir da entrada en vigor da respectiva lei específica de cesión de tributos do Estado que se remita ás devanditas normas. Entrementres, continuarán aplicándose as normas contidas nas leis 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, e 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, en función da comunidade autónoma de que se trate.

Malia o disposto no artigo 7.3 desta lei, no ano 2002, as comunidades autónomas deberán destinar ó financiamento dos servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social, como mínimo, o importe dos recursos que, no devandito ano, proporcione para o financiamento dos devanditos servizos, o novo sistema de financiamento.

Para estes efectos, considerarase como importe dos recursos que proporciona o novo sistema para o financiamento dos devanditos servizos a suma das seguintes cantidades:

a) O rendemento do ano 2002 correspondente á cesión do 35 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre o valor engadido.

b) O rendemento do ano 2002 correspondente á cesión do 40 por 100 da recadación líquida polos impostos sobre a cervexa, viño e bebidas fermentadas, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre elaborados do tabaco.

c) O rendemento do ano 2002 correspondente á cesión do 100 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre a electricidade.

d) O rendemento do ano 2002 correspondente á cesión do 100 por 100 da recadación polo imposto especial sobre determinados medios de transporte.

e) O rendemento do ano 2002 correspondente á cesión do 100 por 100 da recadación polo imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

f) A parte do fondo de suficiencia do ano 2002 que corresponda ó financiamento dos servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social.

Disposición derogatoria única.

Desde o 1 de xaneiro de 2002 quedan derogadas a Lei 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, e a Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, para as comunidades autónomas que cumpran os requisitos do novo sistema de financiamento.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2002, a excepción da disposición adicional segunda, que producirá efectos desde o día 17 de decembro de 2001.

Disposición derradeira segunda.

1. O disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto nos réximes tributarios forais de concerto e convenio económicos vixentes nos territorios históricos do País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra, respectivamente.

2. O novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto regulado por esta lei e aplicable desde 1 de xaneiro de 2002, así como o novo réxime xeral da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas, a participación destas na Axencia Estatal de Administración Tributaria e as asignacións de nivelación dos servizos públicos fundamentais, só serán de aplicación ás comunidades autónomas que recibisen a transferencia dos servizos que se financiarán mediante o novo sistema e, en comisión mixta, acepten este último.

As comunidades autónomas que non recibisen a transferencia dos servizos que se financiarán mediante o novo sistema ou que, en comisión mixta, non acepten este último na súa integridade, incluída a cesión de tódolos tributos susceptibles de seren cedidos, financiaranse mediante entregas á conta que, para tal efecto, se establecerán nas leis de orzamentos xerais do Estado ata que, recibida a transferencia dos servizos que se financiarán a través do novo sistema, a respectiva comisión mixta acepte na súa integridade o novo sistema de financiamento.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**24963** *LEI 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial.* («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 2 da Constitución fundamenta o Estado das autonomías como forma de organización territorial do poder público en España e garante o principio de solidariedade como un dos eixes sobre os que se sostén este Estado das autonomías.

Dentro do título VIII, dedicado á organización territorial do Estado, o artigo 138.1 obriga o Estado a garantir a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, para o cal debe velar polo establecemento dun equilibrio económico ade-

cuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

O artigo 158.2 da Constitución configura un instrumento esencial para dar cumprimento ó mandato do artigo 138.1, ó dispor que, co fin de corrixir desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade, constituirase un fondo de compensación con destino a gastos de investimento, do cal os recursos serán distribuídos polas Cortes Xerais.

En consecuencia, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, creou o Fondo de Compensación Interterritorial. O seu artigo 16 recolle os principios xerais, así como as regras básicas que rexen o dito fondo, establecendo que será unha lei ordinaria a que conteña a súa normativa específica.

Unha primeira etapa do Fondo comezou coa promulgación da Lei do 31 de marzo de 1984, na que se establecía que tódalas comunidades autónomas eran beneficiarias e os seus recursos se vinculaban tanto a proxectos de investimento, destinados a favorece-lo desenvolvemento dos territorios máis desfavorecidos, como a atende-las necesidades de gasto en investimentos novos dos servizos traspasados polo Estado.

Unha segunda etapa, anterior á que comeza con esta lei, iníciase coa lei 29/1990, do 26 de decembro. Esta etapa caracterízase porque deixan de ser beneficiarias do Fondo a totalidade de comunidades para pasar a selo as comunidades autónomas máis desfavorecidas. As comunidades beneficiarias designanse cada ano na Lei de orzamentos xerais do Estado, sendo seleccionadas aquelas que son consideradas Rexións Obxectivo I ou as que tendo sido Obxectivo I estivesen no período de transición para deixar de o ser. Deste xeito, a política de desenvolvemento rexional financiada polos orzamentos xerais do Estado adquire coherencia coa que se desenvolve con cargo ó orzamento comunitario.

Ademais, a Lei 29/1990 configurou o fondo, exclusivamente, como instrumento de desenvolvemento rexional, sen que servise de mecanismo de financiamento básico das comunidades autónomas.

Por outro lado, a disposición adicional da Lei 29/1990 prevía a realización de investimentos polo Estado en Ceuta e Melilla por un importe igual, como mínimo, ó 0,75 por cento do total do Fondo para cada unha delas, aínda que o importe destes investimentos non era obxecto de cómputo no Fondo de Compensación Interterritorial.

O acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001, polo que se aproba o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, introduce modificacións no Fondo de Compensación Interterritorial que fan necesaria a creación dun novo marco legal. Estas modificacións consisten, dunha parte, en reconfigura-los criterios que determinan quen pode ser beneficiario do fondo e, doutra, alterar, en parte, o destino dos recursos do Fondo.

Así como a Lei 29/1990 supuxo reforma-la normativa reguladora do Fondo de Compensación Interterritorial ata daquela vivente en moitos dos seus elementos característicos, a nova lei, sen embargo, parte da Lei 29/1990 como referente básico, ante a evidencia de que o Fondo de Compensación Interterritorial cumpriu de forma altamente satisfactoria os obxectivos que ten asignados durante os últimos anos e unicamente introduce aqueles aspectos estrictamente necesarios para dar cumprimento ó acordo do Consello.

O primeiro aspecto que se presenta é a creación de dous Fondos de Compensación Interterritorial, o Fondo de Compensación e o Fondo Complementario. O Consello de Política Fiscal e Financeira aprobou a proposta

consistente en que o Fondo poida financiar non só gastos de investimento, senón tamén os gastos correntes asociados a ese investimento. Debido a que a Constitución no seu artigo 158.2 establece que o Fondo de Compensación se destinará a gastos de investimento, sepárouse o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous fondos: o Fondo de Compensación, que se cingue estrictamente ó mandato constitucional, e o Fondo Complementario, que pode financiar-la posta en marcha ou en funcionamento de investimentos, ata un máximo de dous anos.

Esta división do antigo Fondo de Compensación Interterritorial respecta o importe mínimo do 30 por cento do investimento público que se recollía na lei anterior, distribuindo o dito importe entre os dous fondos que se crean nas porcentaxes establecidas no acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001. Isto é, atribuíndose ó Fondo de Compensación un 75 por cento do importe total que correspondería ó antigo Fondo de Compensación Interterritorial e ó Fondo Complementario o 25 por cento restante.

Esta distribución instruméntase a través da dotación para o Fondo de Compensación destinado a comunidades autónomas das tres cuartas partes do importe mínimo do 30 por cento do investimento público (22,5 por cento) e ó Fondo Complementario tamén para comunidades autónomas da cuarta parte restante (cantidade equivalente ó 33,33 por cento do Fondo de Compensación).

Pola súa vez, esta división do antigo Fondo non obsta para que os dous fondos que se crean deban ser considerados, pola súa natureza, destino e xestión, como partes intimamente ligadas dun único instrumento de financiamento das comunidades autónomas, vinculado a aqueles proxectos de investimento que promovan o crecemento da renda e da riqueza dos seus habitantes.

A segunda modificación aprobada polo Consello consiste en dar entrada nos fondos ás cidades con estatuto de autonomía propio de Ceuta e Melilla, tendo en conta as características particulares da súa situación xeográfica. Con iso, desaparece a norma recollida na disposición adicional da Lei 29/1990, ó integrárense as cidades plenamente no mecanismo dos Fondos de Compensación Interterritorial.

Esta integración non supuxo, seguindo a recomendación contida no acordo do Consello, mingua ningunha nos recursos dos fondos con destino ás comunidades autónomas, dado que estes fondos se incrementaron na contía que corresponde a Ceuta e Melilla, segundo o establecido no acordo e que se fixou nunha porcentaxe sobre o importe asignado a cada fondo para as comunidades. Desta forma, a contía destinada a Ceuta e Melilla variará na mesma proporción que o faga a que corresponda ós fondos das comunidades autónomas.

A lei non varía o mecanismo de ponderación do investimento do Estado computable para efectos do cálculo dos fondos nin os criterios para a súa distribución entre as comunidades autónomas.

A lei prevé os procedementos administrativos de administración e disposición de créditos dos fondos, compatibilizando as necesidades de xestión de tesorería da Facenda da Administración xeral do Estado coa posta dos recursos á disposición dos beneficiarios de modo que poidan cumprir puntualmente os seus compromisos de gasto e o respecto á súa autonomía financeira. Neste aspecto, mantivéronse as normas que regulaban as transferencias de fondos vinculados a proxectos de investimento na Lei 29/1990. Sen embargo, a posibilidade de que o Fondo Complementario financie gastos correntes de posta en marcha ou en funcionamento de investimentos esixiu a regulación específica das normas que rexen as transferencias do Estado ás comunidades autónomas para financiar estes gastos.

Do mesmo xeito que a Lei 29/1990, esta lei habilita para utiliza-las dotacións dos fondos para financiar proxectos conxuntos de distintas Administracións públicas, e as entidades locais para que executen proxectos de investimento que se desenvolvan no seu ámbito territorial, co acordo da comunidade autónoma beneficiaria.

Tamén, a similitude do establecido na Lei 29/1990, para ámbolos fondos establécese un mecanismo de control parlamentario específico atribuído ó Senado e ás asembleas lexislativas das respectivas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, ós que o Tribunal de Contas do Estado e, se é o caso, os das comunidades autónomas presentarán informe separado e suficiente de tódolos proxectos.

#### Artigo 1. *Fundamento.*

En virtude do disposto no artigo 16 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas dotaranse anualmente nos orzamentos xerais do Estado dous Fondos de Compensación Interterritorial denominados Fondo de Compensación e Fondo Complementario, de acordo co establecido na presente lei.

#### Artigo 2. *Contía e destino do Fondo de Compensación.*

1. O Fondo de Compensación dotarase anualmente coas seguintes contías:

a) Unha cantidade que non poderá ser inferior ó 22,5 por cento da base de cálculo constituída polo investimento público, tal e como se define no artigo seguinte.

b) Adicionalmente, co 1,5 por cento máis o 0,07 por cento da cantidade determinada na letra anterior, sendo esta última porcentaxe a cantidade que se adiciona en función da variable «Cidade con estatuto de autonomía».

2. O Fondo de Compensación destinarase a financiar gastos de investimento nos territorios comparativamente menos desenvolvidos, que promovan directa ou indirectamente a creación de renda e riqueza no territorio beneficiario.

3. A porcentaxe correspondente a cada ano aprobaraa a respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 3. *Base de cálculo do Fondo de Compensación.*

1. A base de cálculo á que se refire o número 1.a) do artigo anterior estará constituída polo investimento público, entendendo por tal, para estes efectos, o conxunto dos gastos do exercicio incluídos nos orzamentos do Estado e dos seus organismos autónomos, correspondentes a investimentos reais novos de carácter civil. Este importe ponderarase pola poboación relativa do conxunto de comunidades autónomas que sexan beneficiarias dos recursos do Fondo, respecto á poboación total do Estado, e polo índice resultante do cociente entre a renda por habitante media nacional e a renda por habitante das comunidades autónomas partícipes.

2. A renda a que se refire o punto anterior defínese como o valor engadido bruto ó custo dos factores. Os valores de poboación e valor engadido bruto utilizados para o cálculo da base do Fondo serán os últimos datos dispoñibles polo Instituto Nacional de Estatística, e, en todo caso, os datos de ámbalas variables referiranse ó mesmo período de tempo.

#### Artigo 4. *Criterios de distribución do Fondo de Compensación.*

1. O Fondo de Compensación distribuirase entre as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía.

2. A cada unha das cidades de Ceuta e de Melilla asígnaselle o 0,75 por cento da contía que resulte por aplicación do punto 1.a) do artigo 2 desta lei. Ademais, asignarase a cada unha destas cidades, en concepto da variable «Cidade con estatuto de autonomía», un 0,035 por cento da cantidade determinada no artigo 2.1.a).

3. A distribución do Fondo de Compensación ás comunidades autónomas receptoras del efectuarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

a) O 87,5 por cento de forma directamente proporcional á poboación relativa.

b) O 1,6 por cento de forma directamente proporcional ó saldo migratorio.

c) O 1 por cento de forma directamente proporcional ó paro, segundo se define no artigo seguinte.

d) O 3 por cento de forma directamente proporcional á superficie de cada territorio.

e) O 6,9 por cento de forma directamente proporcional á dispersión da poboación no territorio, na forma indicada no artigo seguinte.

4. Unha vez efectuado o reparto do Fondo de Compensación cos criterios e ponderacións do número 3 anterior, o resultado obtido corríxese cos seguintes criterios:

a) A inversa da renda por habitante de cada territorio, tal e como se indica no punto 1.e) do artigo seguinte.

b) A insularidade, que se considerará incrementando nun 63,1 por cento a cantidade que lle correspondese á Comunidade Autónoma de Canarias polo conxunto dos criterios expresados nos puntos 3.a), 3.b), 3.c), 3.d), 3.e) e 4.a) precedentes. O incremento que iso supoña seralles detraído ás restantes comunidades autónomas en proporción ás cantidades que lles correspondesen polos mesmos puntos antes citados.

#### Artigo 5. *Definición das variables de distribución.*

1. As variables de distribución relacionadas no artigo anterior defínense do modo seguinte:

a) A poboación relativa de cada comunidade será o cociente entre a súa poboación de dereito e a do conxunto das comunidades autónomas partícipes.

b) A variable saldo migratorio a que se refire o artigo anterior definirase como a media do saldo migratorio interno de cada comunidade máis a media de emigración exterior correspondente ós últimos dez anos. Esta variable saldo migratorio tomará valor cero para as comunidades que teñan saldo positivo, distribuíndose o 1,6 por cento exclusivamente entre as restantes comunidades.

c) A variable paro a que se refire o artigo anterior definirase como o cociente entre o número de parados e o número de activos de cada comunidade, ponderado pola relación existente entre o número de activos de cada comunidade e o número total de activos do conxunto das comunidades beneficiarias do fondo.

d) A variable dispersión da poboación no territorio será igual ó número de entidades singulares por quilómetro cadrado de cada comunidade, ponderado pola relación existente entre a superficie de cada comunidade e a superficie total do conxunto das comunidades beneficiarias do fondo.

e) O criterio de corrección da inversa da renda por habitante aplicarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$T_i = rFn_i [1 - (\bar{R}_i / R)]$$

Sendo:

$T_i$ : Redistribución do Fondo de Compensación da Comunidade  $i$  en función da inversa da renda por habitante.

r: Parámetro de ponderación igual a 3,624.

F: Importe global do Fondo de Compensación das comunidades autónomas.

$n_i$ : Poboación relativa da Comunidade i en relación á poboación total das comunidades beneficiarias do Fondo de Compensación.

$R_i$ : Valor engadido bruto ó custo dos factores por habitante da comunidade i.

R: Valor engadido bruto ó custo dos factores das comunidades beneficiarias do Fondo de Compensación dividido pola súa poboación.

2. Para o valor engadido bruto, a poboación, o número de parados e o número de activos, tomaranse os valores medios dos últimos cinco anos dispoñibles segundo as estimacións efectuadas polo INE. En todo caso, para a poboación utilizaranse as estimacións do INE para o mesmo período ó que se refiran os valores do valor engadido bruto. Para as entidades singulares utilizarase o último dato dispoñible elaborado polo INE.

3. Para a superficie utilizaranse as cifras publicadas polo Instituto Xeográfico Nacional.

4. O Instituto Nacional de Estatística elaborará e publicará os datos precisos que servirán para determinar a participación que corresponda a cada comunidade autónoma no Fondo de Compensación.

#### Artigo 6. *Contía e destino do Fondo Complementario.*

1. O Fondo Complementario dotarase anualmente para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía propio, cunha cantidade equivalente ó 33,33 por cento do seu respectivo Fondo de Compensación.

2. O Fondo Complementario destinarase a financiar gastos de investimento que promovan directa ou indirectamente a creación de renda e riqueza no territorio beneficiario. Non obstante, por solicitude dos territorios beneficiarios del, poderá destinarse a financiar gastos necesarios para pór en marcha ou en funcionamento os investimentos financiados con cargo ó Fondo de Compensación ou a este Fondo, durante un período máximo de dous anos. A este respecto, o cómputo dos anos iniciarase no momento no que concluíse a execución do proxecto.

#### Artigo 7. *Determinación dos proxectos de investimento financiados cos fondos.*

1. O destino dos recursos dos fondos ós distintos proxectos de investimento efectuarase de común acordo entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, no seo do Comité de Investimentos Públicos.

2. Nos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio económico figurará unha relación expresa dos proxectos de investimento e, se é o caso, gastos de funcionamento asociados, que se financien con cargo ós fondos.

3. Cando por motivos imprevistos non poida executarse algún proxecto de investimento dos inicialmente acordados nin, en consecuencia, o gasto de posta en marcha ou en funcionamento asociado a el, a substitución deles por un novo proxecto e, se é o caso, polo gasto de posta en marcha ou en funcionamento asociado ó novo proxecto ou a outro ou outros proxectos que se financien con cargo ós fondos, efectuarase por proposta da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, tendo en conta o procedemento establecido no número 1 anterior.

#### Artigo 8. *Percepción das dotacións dos fondos polos beneficiarios.*

1. Os créditos dos fondos figurarán en cada exercicio económico nunha sección específica dos Orzamentos Xerais do Estado na que se habilitarán tantos servizos orzamentarios como territorios receptores dos recursos.

2. Para harmonizar as necesidades de tesourería da Facenda da Administración xeral do Estado coas das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, os créditos dos fondos transferiranse a estas do modo seguinte:

a) Créditos destinados a financiar proxectos de investimento.

O 25 por cento do importe de cada proxecto cando se produce a adxudicación da obra ou subministración obxecto do investimento ou o gasto.

O 50 por cento do importe de cada proxecto cando a súa execución se efectuase en igual porcentaxe, debendo transcorrer polo menos dous trimestres desde a iniciación do exercicio ó que se refiran os fondos.

O 25 por cento restante cando se executase a totalidade do proxecto, debendo transcorrer, polo menos, tres trimestres desde a iniciación do exercicio ó que se refiran os fondos.

b) Créditos destinados a financiar gastos de funcionamento asociados ós proxectos de investimento. Estes créditos transferiranse polo importe solicitado co límite que resulta da aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Límite} = \left[ \frac{FC_i}{12} \times n \right] - P_i$$

Sendo:

$FC_i$ : Importe do Fondo Complementario da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía i no ano corrente.

$n$ : Número enteiro de meses transcorridos desde o 1 de xaneiro do exercicio ata a data da solicitude de transferencia.

$P_i$ : Importe das transferencias xa efectuadas á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía con cargo ó Fondo Complementario do ano corrente.

3. Non obstante o disposto no número dous precedente, os créditos correspondentes a proxectos de investimento que figuren nos orzamentos das comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía como transferencias de capital percibiranos estas por cuartas partes trimestrais, unha vez aprobado o acordo de concesión da subvención polos seus órganos competentes.

4. Para percibir os recursos dos fondos, conforme o previsto nos números dous e tres anteriores, será suficiente con que os beneficiarios procedan á petición deles efectuada ó órgano xestor dos créditos no Ministerio de Facenda.

5. Conforme o disposto no artigo 16. nove da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas, os remanentes dos créditos dos fondos nun exercicio económico quedarán afectos nos seguintes á execución e posta en marcha ou en funcionamento do respectivo proxecto de investimento ou, se é o caso, do que o substitúa, e para eses efectos os ditos remanentes serán incorporados automaticamente.

**Artigo 9. *Proxectos conxuntos con outras administracións públicas.***

1. As dotacións dos fondos poderán dedicarse a financiar proxectos conxuntos de diferentes administracións públicas.

2. As entidades locais poderán solicitar da comunidade autónoma correspondente a execución en todo ou en parte daqueles proxectos de investimento que se desenvolvan no seu ámbito territorial. Se o proxecto de investimento afectase a competencias das entidades locais, a súa xestión e execución determinarase de mutuo acordo.

3. Cando entre os proxectos de investimento incluídos nos fondos que correspondan a unha comunidade autónoma existan algúns dos que a execución se encomendase a unha entidade local, de acordo co establecido no número anterior, a comunidade autónoma transferiralle os recursos financeiros necesarios na mesma forma que se prevé nos números 2, 3 e 4 do artigo 8 para as relacións entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

4. A xustificación por parte das comunidades autónomas das obras ou adquisicións realizadas a través das entidades locais efectuarase ó final de cada exercicio económico.

**Artigo 10. *Control parlamentario dos Fondos de Compensación Interterritorial.***

1. O control parlamentario dos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial e a valoración do seu impacto conxunto na corrección dos desequilibrios interterritoriais levaranos a cabo as Cortes Xerais a través da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, as asembleas lexislativas das respectivas comunidades autónomas e as asembleas das cidades con estatuto de autonomía.

2. Non obstante, o Tribunal de Contas do Estado e, se é o caso, os tribunais de contas das comunidades autónomas presentarán ante os órganos citados no número 1 anterior, respectivamente, informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial.

3. Con obxecto de permiti-lo control parlamentario, as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía contabilizarán adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial.

**Disposición transitoria primeira.**

Os proxectos de investimento do Fondo de Compensación Interterritorial de exercicios anteriores ó exercicio 2002, que se atopen pendentes de execución no momento da entrada en vigor desta lei, rexeranse pola Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial.

**Disposición transitoria segunda.**

O previsto no artigo 6.2 desta lei poderá aplicarse ós investimentos da Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial.

**Disposición adicional única.**

Para os exercicios seguintes ó exercicio 2002 serán beneficiarias dos fondos as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía que, para tal efecto, figuren designadas nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio determinarase a porcentaxe que os Fondos de Compensación Interterritorial representan respecto da base de cálculo de investimento público definido nos termos do artigo 3.1.

**Disposición derogatoria única.**

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira, queda derogada a Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial.

**Disposición derradeira única.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**24964** LEI 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2002. («BOE» 313, do 31-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I

A introducción do euro como moeda de curso legal única, do que a posta en circulación terá lugar o 1 de xaneiro de 2002, esixe que os orzamentos xerais do Estado para tal exercicio sexan elaborados na referida unidade monetaria. Así pois, o exercicio 2002 será o primeiro en que se elaborarán tendo como unidade de conta o euro.

II

A parte típica e esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, «Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e o seu financiamento» se aproban a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan ós tributos do Estado.

Neste capítulo I ó defini-lo ámbito dos orzamentos xerais do Estado tense en conta a clasificación que dos organismos públicos realiza a Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, clasificación que se fai presente no resto da lei. A distribución dos fondos atende, en cambio, á finalidade perseguida coa realización do gasto, distribuíndose por funcións.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétese co orzamento de gastos de funcionamento e inves-